

# FEST GALICIA 2019

FESTIVALS  
QUE FAN CAMIÑO

RESURRECTION FEST ESTRELLA GALICIA

PORTAMÉRICA

17º RIBEIRA SACRA

VIVE NIGRÁN

SINSAL SON ESTRELLA GALICIA

ATLANTIC FEST

SONRÍAS BAIXAS

REVENIDAS

FESTIVAL DE LA LUZ

WOS FESTIVAL

CANTOS NA MARÉ

CAUDAL FEST

# FEST GALICIA 2019

FESTIVAIS  
QUE FAN  
CAMIÑO

Abrimos a  
temporada  
FEST Galicia  
para 2019,  
a segunda  
campana deste  
espazo común  
de promoción  
e de  
oportunidades  
para os  
festivais  
galegos de  
música.



galicia  
o bo camiño

 Xacobeo 2021

 XUNTA  
DE GALICIA

## CALENDARIO FEST GALICIA 2019

**RESURRECTION FEST ESTRELLA GALICIA** / Viveiro / 3-6 xullo / 14ª edición

É o maior festival de hardcore, punk e metal de toda a península, foi premiado en múltiples ocasións, e conta cun público moi fiel que chega desde todo o mundo e que o converte no noso festival máis internacional. — [resurrectionfest.es](http://resurrectionfest.es)

**PORTAMÉRICA** / Caldas de Reis / 4-6 xullo / 8ª edición

Unha carballeira centenaria, propostas de música de ambos lados do Atlántico e unha espectacular zona gastronómica (o 'Showrocking'), onde é posible ver cocinar en directo a grandes chefs de todo o mundo. — [portamerica.es](http://portamerica.es)

**17º RIBEIRA SACRA** / Monforte de Lemos, Sober, Chantada / 18-21 xullo  
Castro Caldelas, Ribas de Sil, Nogueira de Ramuín / 26-27 xullo / 3ª edición

Música, paisaxe, patrimonio, gastronomía e viño. Este festival propón concertos exquisitos en bosques centenarios, adegas, miradoiros, mosteiros, castelos ou a bordo dun catamarán que percorre o espectacular canón do Río Sil. — [festivalribeirasacra.com](http://festivalribeirasacra.com)

**VIVE NIGRÁN** / Nigrán / 19-20 xullo / 3ª edición

Celébrase en Praia América, ofrece un cartel co mellor do indie nacional, e reivindica o concepto de 'picnic-pop' festival para todo tipo de familias festivaleiras. — [vivenigran.com](http://vivenigran.com)

**SINSAL SON ESTRELLA GALICIA** / Illa de San Simón-Redondela / 25-28 xullo / 17ª edición

Un dos festivais máis singulares de Europa. Un barco, unha illa e un cartel secreto que nos ofrece a posibilidade de descubrir novos universos musicais e vivir experiencias nun lugar cargado de historia e patrimonio. — [festival.sins.al](http://festival.sins.al)

**ATLANTIC FEST** / A Illa de Arousa / 26-28 xullo / 4ª edición

Un festival ao borde do mar que selecciona o mellor do panorama estatal e internacional, fai unha aposta por bandas galegas e propón actividades náuticas, nunha illa fermosa e salvaxe que conserva o seu carácter auténtico. — [atlanticfest.com](http://atlanticfest.com)

**SONRÍAS BAIXAS** / Bueu / 1-3 agosto / 18ª edición

Un público e un cartel con moita enerxía e carácter reivindicativo nunha vila mariñeira que ofrece algunhas das praias máis valoradas da península e que ademais é porto de partida para visitar A Illa de Ons. — [sonriasbaixas.info](http://sonriasbaixas.info)

**REVENIDAS** / Vilaxoán - Vilagarcía de Arousa / 9 -11 agosto / 16ª edición

O que se coñece como Festival das Linguas mestura romaría, sardiñada, veciñanza e unha aposta pola música en galego, que combina con bandas destacadas internacionalmente, e unha morea de actividades, dentro do recinto e tamén a bordo. — [revenidas.com](http://revenidas.com)

**FESTIVAL DE LA LUZ** / Boimorto / 6-8 setembro / 8ª edición

Un dos máis mediáticos grazas á súa embaixadora, Luz Casal e aos seus xestos solidarios. Os campos de millo xa son o sinal de identidade deste festival que pon en valor o rural galego, e onde caben todo tipo de públicos e propostas musicais. — [festivaldelaluz.es](http://festivaldelaluz.es)

**WOS FESTIVAL** / Santiago de Compostela / 11-15 setembro / 6ª edición

Unha proposta experimental e multidisciplinaria, que programa música e arte de vangarda nos privilexiados espazos que ofrece a cidade de Santiago, e que está considerado o mellor festival indoor de Europa. — [wosfestival.workonsunday.es](http://wosfestival.workonsunday.es)

**CANTOS NA MARÉ** / Pontevedra / 13-15 setembro / 15ª edición

Logo de 14 anos de éxito, o Cantos Na Maré iniciou o ano pasado un novo formato que se abre a máis horizontes, máis xéneros e máis públicos; sen abandonar o fio condutor da lusofonía e achegando tamén contidos como a gastronomía, a narración oral e a danza. — [castosnamare.com](http://castosnamare.com)

**CAUDAL FEST** / Lugo / 20-21 setembro / 2ª edición

Un festival acabado de chegar pero que en só unha edición logrou converterse na gran cita musical do ano en Lugo, cun cartel que aposta polo máis destacado do indie nacional para pechar o verán festivaleiro galego. — [caudalfest.es](http://caudalfest.es)